



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ROIS

Elección de xuíz/a de paz

ANUNCIO

Correspóndelle ao Pleno do Concello de Rois elixir a persoa para ser nomeada Xuíz ou Xuíza de Paz deste concello de conformidade co disposto nos artigos 99 e seguintes da Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo do Poder Xudicial.

A tal efecto, ábrese o prazo de vinte días soltos a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que as persoas que estean interesadas, e reúnan as condicións legais, llo soliciten por escrito a esta Alcaldía.

Requisitos dos aspirantes:

- Ser español/a.
- Ser maior de dezaioito anos.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade previstas pola Lei 6/1985 de 1 de xullo do Poder Xudicial nin estar incapacitado ou impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade previstas pola lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo do poder Xudicial.
- Non estar condenado por delito doloso en tanto no sexan absoltos ou se dite auto de sobresemento.
- Estar en pleno exercicio dos seus dereitos civís.
- Residencia na poboación onde teña a súa sede no Xulgado de Paz (artigo 17 do Regulamento número 3/1995, de 7 de xuño, dos xuíces de paz).

As solicitudes acompañarase a seguinte documentación:

- Fotocopia autenticada do DNI.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.
- Certificación ou informe médico de non estar impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.
- Xustificación dos méritos alegados.

O lugar de presentación de solicitudes será o Rexistro Xeral de Entrada do concello de Rois.

Na Secretaría do Concello poder ser examinado o expediente e recadar a información que se precise en datos os requisitos, duración do cargo...

No caso de non haber solicitudes, o pleno da Corporación elixirá libremente comunicándolle o acordo ao Xuíz de Instrución e Primeira de Instancia do partido xudicial que o elevará á sala do Goberno.

O presente documento publicase para o xeral coñecemento.

Rois, 10 de outubro de 2023

O alcalde,

Ramón Tojo Lens

2023/8093